







Estimadas familias,

Como estades? Xa non queda nada para que o curso remate e confío en que as vosas forzas e o voso ánimo estean ao 100%.

Esta semana imos xogar un pouco coas mates valéndonos duns dados e de “Ramón”, un vello coñecido dos vosos fillos e fillas, posto que xa temos traballado con el no cole.

O primeiro que os nenos e nenas teñen que facer, e o que vos pido que me enviades, é unir os números que aparecen baixo estas liñas cos dados que correspondan. Aínda que podedes imprimir esta folla non é preciso que o fagades, basta con que a copiades nun folio xa que, como vedes, é doada de reproducir. Incluso podedes debuxala no chan con xiz branco ou de cores e que os vosos fillos e fillas fagan o traballo a gran escala.



5

4


2

3

6

1

E este de aquí é Ramón.



Sei que agora apetece menos traballar e que os nenos e nenas están cansos, polo que xogar coas perrucas deste vello amigo é totalmente voluntario. Trátase de poñer un número no cadro da dereita e que os vossos fillos e fillas pinten ou coloquen na cabeza calva de Ramón os pelos que se vaian indicando. Poden usar plastilina, fíos, lápices de cores... o que queiran.

No cole xogabamos con pinzas porque tiñamos a Ramón recortado e plastificado pero o xogo pode adaptarse a calquera casa e circunstancia.



Un abrazo moi moi forte,

Antía.

A decorative border of palm trees surrounds the page. The palm trees are green with brown trunks and are arranged in a repeating pattern along the top, bottom, and sides of the page.

MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE

Moi bo día! Outra semana máis estamos por aquí cargados de actividades e xogos, preparados? Esta semana centrarémonos en música especialmente, ides ter unha serie de misións que cumprir como bos exploradores. Preparados?

- Misión 1: Crea unha canción, busca algo na casa que se convirta nun instrumento e... imaxinación ao poder.
- Misión 2: Atopa 3 cousiñas que teñas na casa que produzan sons.

O **reto** desta semana é o mesmo que a anterior, aqueles que aínda non mandáchedes un reto sorpresa animádevos, estarei encantada de ver os vosos retos, ademáis... con todos os retos crearei un vídeo para ver se a profe Lucía consegue superar os vosos retos, apetécevos?

Moito ánimo e moitos bicos!